

Resolución núm. 301/2013

Ref.: bolsa de contratación de persoal para o SAF (auxiliares)

O día 20/06/2013 o Tribunal cualificador do proceso de selección para a elaboración dunha bolsa de contratación temporal de auxiliares de axuda no fogar (designado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 252/2013, do 04/06/2013) asinou a acta na que se recollían as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes, de maior a menor, segundo o establecido nas bases de selección, aprobadas por esta Alcaldía mediante o decreto núm. 113/2013 do 14/03/2013.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:**Primeiro.-**

Aprobar a listaxe definitiva de puntuacións obtidas polas persoas aspirantes recollida na acta do día 20/06/2013 como válida para a realización das contratacións de carácter temporal de persoal do servizo de axuda no fogar (auxiliares), segundo se establecía nas bases de selección, e que se reproduce de seguido:

| Núm. | CANDIDATO/A | Oposición | Concurso | TOTAL |
|------|---|-----------|----------|-------|
| 1 | Frieiro Suárez, Rosario | 9,20 | 5,29 | 14,49 |
| 2 | Santamaría Rego, M ^a Isolina | 8,40 | 5,00 | 13,40 |
| 3 | Ordóñez Dasilva, María del Consuelo | 8,00 | 5,10 | 13,10 |
| 4 | Silva García, Carlos Gustavo | 8,40 | 3,56 | 11,96 |
| 5 | Cabanas Chao, Jesusa | 8,00 | 3,76 | 11,76 |
| 6 | Miguéns Rois, María Gracia | 6,40 | 4,95 | 11,35 |
| 7 | Barbeito Pose, Patricia | 8,40 | 2,84 | 11,24 |
| 8 | Ageitos Santos, Manuela | 8,40 | 2,46 | 10,86 |
| 9 | Romero Cubela, María José | 7,60 | 2,38 | 9,98 |
| 10 | Rial Blanco, María Isabel | 6,80 | 3,06 | 9,86 |
| 11 | Cespón Pérez, María Otilia | 6,00 | 3,56 | 9,56 |
| 12 | Figueiro Docabo, Ana Cristina | 7,20 | 1,74 | 8,94 |
| 13 | Figueira Rial, Marta | 7,20 | 1,63 | 8,83 |
| 14 | González Ordóñez, M ^a Carmen | 6,40 | 2,25 | 8,65 |
| 15 | Triñanes Rivas, Soraya | 5,60 | 2,69 | 8,29 |
| 16 | Franco Vidal, María del Carmen | 5,20 | 2,75 | 7,95 |

| | | | | |
|----|--------------------------------|------|------|------|
| 17 | Magallanes Torrado, Olga María | 5,60 | 2,31 | 7,91 |
| 18 | Batalla Rey, Tamara | 6,40 | 1,44 | 7,84 |

Segundo.-

A contratación de persoal desta bolsa farase segundo o establecido nas bases de selección:

- a) Os chamamentos ás persoas candidatas faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente, sen prexuízo da entrega da comunicación escrita no momento da súa incorporación.
- b) Os integrantes da lista resultante que, sendo convocados para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a ela, perderán os seus dereitos quedando excluídos da dita lista. A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo realizada pola persoa contratada. Rematada a contratación, a/o interesada/o pasará a ocupar o mesmo posto no que estivera na lista.
- c) Unha vez se proceda á contratación dos aspirantes, requiríraselles para que previamente acheguen a documentación acreditativa dos requisitos sinalados nestas bases para acceder ao posto de traballo, presentarán declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade en relación ás tarefas a realizar e realizarán o preceptivo curso de prevención de riscos laborais, perdendo os seus dereitos se así non o fixeran.

Terceiro.-

Contra esta resolución na que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes que integran a bolsa de contratación de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar, poderá interpoñerse potestativamente recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, esta Alcaldía ou o Tribunal cualificador encargado da realización do proceso.

Asemade poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa – Administrativa.

Ambos prazos contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo.

Rianxo, 4 de xullo de 2013

O alcalde

A secretaria, que dou fe

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo